



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de XUÑO de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezanove de xuño de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(512).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbbase a acta da sesión ordinaria do 12 de xuño de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(513).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO PROXECTO “FARO EDUCA 2026”. EXPTE. 21113/101

Visto o informe xurídico de data 12/06/2026 e o informe de fiscalización do 15/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/06/2026, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concellería da Área de Goberno, que di o seguinte:

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 1 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.- ANTECEDENTES

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 21 de abril de 2026, que consta no expediente, a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para o “FARO EDUCA 2026” organizado por Faro de Vigo S.A.U.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.m. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.ñ da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promover e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción da educación.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal. que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 21 de abril de 2026.
 - Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026.
 - Memoria e orzamento para o patrocinio publicitario de “FARO EDUCA 2026”, presentada por FARO DE VIGO no Rexistro Xeral deste Concello o día 13 de abril de 2026. Con data do 8 de maio de 2026 incorporouse ao expediente, no trámite 35, unha nova memoria e orzamento, ao terse detectado un erro material na documentación inicialmente presentada, que foi debidamente corrixido.
 - Declaración acreditando os dereitos de exclusiva sobre o proxecto “FARO EDUCA”, presentada por FARO DE VIGO no Rexistro Xeral deste Concello o 13 de abril de 2026.
 - Informe sobre o retorno publicitario do proxecto “FARO EDUCA 2026”, elaborado por ECOVIGO PUBLICIDAD, SL, presentado no Rexistro Xeral deste Concello o 21 de abril de 2026.
 - Memoria económica de data 22 de abril de 2026, asinada pola xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal.- Patricia Rodríguez Calviño,
 - Certificado de retención de crédito de data 24 de abril de 2026 (operación nº RC 12026000040374).
- Prego de prescricións técnicas particulares, de data 28 de maio de 2026, redactado e asinado pola xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 2 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

- Memoria xustificativa, de data 28 de abril de 2026, asinada pola xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal.- Patricia Rodríguez Calviño,
- Informe do servizo de contratación, redactado e asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos proxectos con data 13 de maio de 2026.
- Prego de Cláusulas administrativas particulares, redactado e asinado pola redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos proxectos con data 15 de maio de 2026.

II.- CONDICIÓN S DEFINIDORAS DO CONTRATO

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do contrato é o patrocinio publicitario do proxecto “FARO EDUCA 2026” organizado polo Faro de Vigo S.A.U.. O proxecto inclúe tres accións: Faro da Escola, Foro de Educación e Faro Educa, que de forma concreta se definen nas cláusulas 2ª e 3ª do PPTP.

Dito proxecto ten por obxectivo impulsar a educación dende diferentes puntos de vista, achegar aos nenos e nenas á prensa, involucrarse coas innovacións educativas.

O “Concello de Vigo” como patrocinador poderá incluír a súa imaxe institucional (logotipo) como impulsor da educación e dos seus valores. O proxecto “FARO EDUCA 2026”, permitiralle ao Concello resaltar a propia acción de promoción educativa, e a súa implicación coa mesma, valores que como órgano representativo da cidade quere por en coñecemento da cidadanía.

II.2.- Procedemento de adjudicación, réxime xurídico e forma de tramitación

O contrato adjudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO, S.A.U., que ten a exclusiva do proxecto.

O artigo 168 da Lei 9/2017, ampara aqueles supostos en que por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusividade o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado, xa que como queda manifestado nos antecedentes, a proposta parte de maneira directa da entidade “Faro de Vigo S.A.U.”, a cal ven desenvolvendo esta actuación de maneira exclusiva.

Non consta a existencia doutros proxectos de características similares a Faro Educa 2026, que impliquen a case a totalidade dos centros educativos da área de Vigo (máis de 50) con accións tan específicas destinadas a impulsar a educación dende diferentes puntos de vista.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 3 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cumpre sinalar que a inversión publicitaria que ofrece Faro de Vigo incorporará o logo do Concello de Vigo en cada unha das accións publicitarias recollidas no proxecto. A difusión destas accións se realiza a través do xornal "FARO DE VIGO", tanto na súa edición en papel como na edición dixital. A avaliación de audiencia e rendibilidade de medios indica que podería chegar ao 45,70% da poboación de Vigo e a súa área.

Faise constar que o patrocinado FARO DE VIGO S.A.U. A36600815 non é unha empresa dedicada aos servizos publicitarios, se non un medio de comunicación que ten como obxecto social a elaboración e distribución de contidos informativos a través de calquera tipo de soporte. En particular a edición e publicación por conta propia e allea de impresos unitarios, periódicos, revistas e publicacións dixitais e portais de información, así como a impresión e distribución. (CNAE 5813 edición de xornais).

O contrato de patrocinio aparece regulado na Lei 34/1988 de 11 de novembro xeral de publicidade, modificada pola lei 29/2009 do 30 de decembro pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, xunto cos contratos de publicidade, de difusión publicitaria e creación publicitaria.

O contrato de patrocinio publicitario considérase como un contrato privado, en virtude do recollido nos artigos 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pois o patrocinado non é unha empresa dedicada aos servizos de publicidade. Como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 26 da Lei 9/2017, "en canto á súa preparación e adjudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da presente Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante".

Formas de tramitación: A forma de tramitación será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Prezo e valor do contrato

O orzamento máximo de licitación é de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

Prezo con ive: **112.295,00 €**

Prezo sen ive: **92.805,79 €**

Importe 21% ive: **19.489,21 €**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 4 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento para o ano 2026.

II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións do proxecto, non se celebrará proceso de negociación .

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos custos e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U.

O único criterio de adxudicación será a do prezo do contrato.

II.5 Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

II.7.- Subcontratación

Establécese como tarefa crítica todo o relacionado coa publicidade, que deberá correr a cargo de FARO DE VIGO, S.A.U.

II.8.- Prazo de execución e prórroga:

1.- O prazo de execución

O prazo de execución iníciase no mes de xuño (ao día seguinte da formalización do contrato) ata o 20 de decembro de 2026.

Se o contrato se formalizase con posterioridade a esta data reducirase o prazo de execución, xa que o contrato rematará o día 20 de decembro do mesmo ano.

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 5 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.10.- Responsable do Contrato

A responsable do Contrato será a Xefa do departamento administrativo da Alcaldía

II.11- Seguro

a) Seguro de Responsabilidade Civil con entidade aseguradora legalmente autorizada, co obxecto de cubrir as obrigas derivadas do obxecto do contrato. Dito seguro de Responsabilidade Civil deberá ter un límite de indemnización non inferior a 300.000 euros por sinistro e ano para cubrir os danos materiais e/ou persoais ocasionados a terceiros.

As garantías mínimas esixidas para este seguro de Responsabilidade Civil serán:

- RCivil Explotación – incluíndo a garantía de RCivil Subsidiaria no caso de subcontratar algún servizo do contrato.
- RCivil Patronal – cun sublímite por vítima nunca inferior a 300.000 €
- RCivil Post-traballos / Servizos
- Defensa xurídica e Fianzas.
- Neste caso o Concello de Vigo, debe figurar como asegurado adicional sen perder a súa condición de terceiro.

A póliza reseñada deberá prestar cobertura durante todo o período da execución do contrato e ata a conclusión da mesma e polas reclamacións acontecidas durante éste período de execución e que sexan reclamados tras 24 meses despois da súa finalización.

II.12.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

De carácter medioambiental:

- Redución de embalaxes: esta condición busca minimizar o impacto ambiental asociado á produción e eliminación dos embalaxes, así como o compromiso da entidade contratante coa sustentabilidade e a redución da súa pegada ecolóxica.
- Recollida selectiva de residuos: a implantación dun sistema de recollida selectiva é fundamental para garantir que os residuos xerados durante a execución do contrato sexan xestionados axeitadamente. Isto non só facilita a reciclaxe e a recuperación de materiais, senón que tamén promove a concienciación ambiental entre a comunidade educativa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 6 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

II.13.- Solvencia.

Segundo o establecido nos artigos 84 a 91 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, sobre a acreditación da aptitude para contratar, os empresarios deberán xustificar a solvencia cos seguintes criterios:

A) Acreditación da solvencia económica e financeira:

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.A das FEC se determinen outros distintos:

a) Volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:

- Ao 70% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración incluídas as prórrogas non sexa superior a un ano.

- Ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano. Para calcular a anualidade media do orzamento base de licitación dividirase este entre os meses de duración do contrato, sen ter en conta as eventuais prórrogas, e multiplicarase por 12.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

De non existir obriga de depósito de contas nun rexistro público, poderá acreditarse mediante a presentación de calquera modelo oficial declarado ante a Axencia Tributaria onde quede reflectido o volume anual de negocios.

- Cando o licitador non poida presentar as contas anuais por unha razón xustificada que poida acreditar, poderán presentar un seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior:

- Ao 50% do valor estimado do contrato ou cando a súa duración non sexa superior a un ano.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 7 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Ao 50% da anualidade media do orzamento base de licitación, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

B) Acreditación da solvencia técnica e profesional

Acreditárase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación do contrato ou do lote, no seu caso, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o 70% do orzamento base de licitación do contrato.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

II.14.- Lugar de entrega.

Os medios de comunicación nos que se divulgue información relativa ao proxecto e accións vinculada a FARO EDUCA 2026 recollidas no PPTP.

II.15.- Data prevista para o inicio do contrato

Ao día seguinte á data de formalización do contrato.

II.16.- Referencia ao réxime de pagamento

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase mediante a presentación da correspondente factura unha vez finalizadas as accións recollidas no contrato. Antes da presentación da factura, o patrocinado deberá entregar a través do Rexistro Electrónico unha memoria descritiva das actuacións realizadas, a cal conterá:

- a) Memoria das accións relacionadas co proxecto FARO EDUCA 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 8 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

b) Detalle e copia de todas as publicacións e insercións publicitarias realizadas en soporte papel vencelladas ao proxecto nas que deberá estar incluído o logo do Concello de Vigo e que terán que corresponder co recollido na cláusula segunda e terceira do PPTP.

c) Detalle, copia ou enlace de todas as insercións realizadas onde figure o logotipo do Concello de Vigo en medios e soportes dixitais para as tres accións que conforman o proxecto, que terán que corresponder co recollido na cláusula na cláusula segunda e terceira do PPTP.

Estas accións terán que ter unha inversión publicitaria mínima de 925.686,30 €, e un retorno publicitario mínimo de 813.391,30 €. De non cumprirse as accións publicitarias especificadas, detraeráse do prezo a aboar ao contratista o importe equivalente á porcentaxe non cumprida.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctf/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) GE0000575 – Servizos Económicos
- b) L01360577 – Concello de Vigo
- c) GE0000668 – órganos de Goberno

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto “FARO EDUCA 2026”.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía con data 28 de abril de 2026.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 9 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Area do Servizo de Contratación e Novos Proxectos, con data 15 de maio de 2026.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación dun total de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de **92.805,79 €**

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(515).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN BIO-PSICO-SOCIAL A PACIENTES ONCOLÓXICOS E FAMILIARES E PREVENCIÓN. EXPTE. 297003/301.

Visto o informe xurídico do 20/05/2026 e o informe de fiscalización do 12/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/05/2026, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A «Asociación Española contra o Cancro» (AECC) é unha ONG de carácter benéfico asistencial sen ánimo de lucro que ten como fin principal a atención ó doente oncolóxico e ós seus familiares así como á poboación xeral mediante actividades de investigación, divulgación, prevención, formación e de carácter sanitario ou asistencial.

Foi inscrita co nº 3827 no Rexistro Nacional de Asociacións e declarada de utilidade pública en 1970. Figura tamén inscrita co nº E-779 no “Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos sociais” (RUEPSS) da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 00066-88.

II. A AECC, tendo en conta as repercusións físicas, psicolóxicas e sociais derivadas do diagnóstico e tratamento do cancro, puxo en marcha a finais do ano 1990 o programa de atención psicolóxica.

III. A finalidade do convenio proposto é o de acadar unha vida normalizada co que se fai necesario abordar a través do presente programa as necesidades de índole bio-psico-social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 10 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

IV. Os principais servizos cos que conta a Asociación son:

- Departamento de psicoloxía
- Departamento de traballo social
- Departamento de coidados paliativos
- Departamento de voluntariado
- Departamento de xuventude
- Departamento de administración.

Dispón para o efecto dos seguintes recursos humanos: psicólogas, traballadoras sociais, informático, administrativos e voluntariado.

V. A Concellería de Política Social é coñecedora da demanda de atención psicolóxica e social dos doentes oncolóxicos e os seus familiares. A fin de responder á demanda prantexada e, ó mesmo tempo, garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos desta Asociación, estímase conveniente que o novo convenio de colaboración coa AECC teña tamén, como os anteriores (2019-2021 e 2022-2025), carácter plurianual (2026-2029), o que permitirá un mellor desenvolvemento do “Programa de atención bio-psico-social a pacientes oncolóxicos/as e familiares e prevención no Concello de Vigo”.

A vixencia deste novo Convenio sería, pois, de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»

VI. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2026 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.10 – *Asociación española contra o cancro*, por un importe de 7.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia”: Convenio Asociación contra o cancro) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

VII. A concesión da subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 11 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

por desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia (2026-2029), etc.

En consecuencia, visto o que antecede, o informe da Xefatura do Servizo, a orde de inicio de expediente da Concellería de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN BIO-PSICO-SOCIAL A PACIENTES ONCOLÓXICOS E FAMILIARES E PREVENCIÓN NO CONCELLO DE VIGO (2026-2029)» (Exp. n.º 297003/301).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto que representa, por un importe total de 28.000€, a razón de 7.000€/ano, en concepto de subvención directa á «Asociación Española contra o cancro (AECC)», CIF G-28197564, con cargo, no exercicio de 2026, á aplicación nº 2310.480.00.10 -Asociación española contra o cancro- do orzamento vixente. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*“Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia”*: *Convenio Asociación contra o cancro*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha *“convocatoria instrumental”* e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN BIO-PSICO-SOCIAL A PACIENTES ONCOLÓXICOS E FAMILIARES E PREVENCIÓN NO CONCELLO DE VIGO (2026-2029)»

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 12 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D^a. Blanca Ana García Rodríguez, con DNI nº ***4507**, Presidenta da “Asociación Española contra o cancro” (AECC) – Xunta Local de Pontevedra, CIF nº G-28197564, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Venezuela nº 34, CP 36203 Vigo.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D^a. Blanca Ana García Rodríguez, actuando en representación da AECC, segundo así resulta da documentación achegada ó expediente nº 297000/301, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a AECC é unha institución con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter benéfico asistencial e sen ánimo de lucro. Foi constituída en 1953 co propósito de loitar contra o cancro en todas as modalidades coñecidas ou que se coñezan no futuro, mediante o desenvolvemento de funcións e actividades de divulgación, prevención, investigación, formación e de carácter sanitario ou asistencial.

En 1966 foi inscrita co nº 3827 no Rexistro Nacional de Asociacións e declarada de utilidade pública en 1970. Figura tamén inscrita co nº E-779 no “Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos sociais” (RUEPSS) da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 00066-88. Ten a súa sede central en Madrid e desenvolve a súa actividade en toda España a través das xuntas provinciais con representación en máis de 2.000 localidades no conxunto do Estado.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 13 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A AECC está constituída por voluntarios, socios e persoal contratado que, cun proxecto conxunto, dirixen todos os esforzos, eficacia e axilidade á hora de detectar necesidades e prioridades de actuación.

II.- Que, a fin de mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de cancro e das súas familias e de que poidan acadar unha vida normalizada, a AECC desenvolve, entre outros, programas de atención psicosocial así como de prevención e sensibilización destinadas á poboación xeral.

Os obxectivos específicos perseguidos con este tipo de programas son os de minimizar as alteracións emocionais derivadas do proceso da enfermidade e/ou tratamento, contribuír a recuperar o nivel de funcionamento persoal previo á enfermidade, favorecer a integración social do enfermo no seu contorno inmediato e a reincorporación ó mercado laboral, promover a posta en marcha de estratexias de afrontamento activo, orientalo na busca de recursos sociais, etc.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e familias na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de programas para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 14 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da AECC para a execución dun Programa de atención bio-psico-social a pacientes oncolóxicos/as e familiares e prevención durante os anos 2026, 2027, 2028 e 2029.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de Política Social e a AECC comprométese a colaborar activamente na execución deste Programa que, co obxectivo xeral de mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de cancro e das súas familias, inclúe a previsión de programas específicos de intervención psicolóxica individual, grupal e social, actividades de ocio e tempo de lecer, programas de voluntariado testemuñal, etc.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 15 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TERCEIRA.- A AECC comprométese tamén a:

- a) Someterse á normativa vixente en cada momento en materia de sanidade, seguridade e riscos laborais, tanto para as persoas usuarias do Programa como para o seu persoal, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.
- b) Atender a través do programa psicosocial a 25 doentes oncolóxicos e a 25 familiares de doentes derivados pola Concellería de Política Social.
- c) Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPACAP).

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á AECC unha subvención para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029 por importe de 7.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 28.000€.

O gasto de 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº: 2310.480.00.10 – *Asociación española contra o cancro*.

As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*“Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia”*: *Convenio Asociación contra o cancro*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- 1) No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 16 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

2) O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria de actuación. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa. A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas usuarias participantes nas actividades executadas en virtude deste Convenio.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 17 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da AECC e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A AECC poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluírse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó período 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.
2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 18 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 19 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 20 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

4(516).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PROGRAMA “VIGO, ARTE INCLUSIVA”. EXPTE. 293288/301.

Visto o informe xurídico do 15/04/2026 e o informe de fiscalización do 16/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/04/2026, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. A “Fundación Igual Arte” é unha entidade constituída formalmente no ano 2002 co propósito de crear un espazo activo e integrador destinado a fomentar a creatividade, organizando un abano de actividades artísticas co pleno convencemento de que todos/as teñen dereito á interiorización, transformación e representación dos sentimentos, pensamentos e sensacións e traballando con rapaces e rapazas con necesidades educativas especiais nas distintas áreas artísticas (música, danza, artes plásticas, etc.) mediante un “Centro Ocupacional Artístico”, o “Programa Artístico” e o “Centro de Día Igual Arte”.

Figura inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, co número 2003/00001 e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia con data 25.01.2025 (RUEPSS nº E-1885). Consta inscrita tamén no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo desde o ano 2003 (nº 851-03).

I.2. De acordo cos seus Estatutos, a “Fundación Igual Arte”, ten por obxecto a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos e, entre os seus fins concretos, inclúe os seguintes:

- Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 21 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Concienciar á sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

I.3. Dentro das referidas actividades estatutarias, a “Fundación Igual Arte” desenvolve programas e actividades de lecer e tempo libre inclusivo que teñen como obxectivo incidir na superación das causas que xeran a exclusión social.

I.4. Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Fundación Igual Arte” para o desenvolvemento das actividades previstas no Programa: “VIGO, ARTE INCLUSIVA” (2026-2029).

I.5. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.6. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 22 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

I.7. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.8. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

I.9. No orzamento da Concellería de Política Social do ano 2026 existe consignación de crédito na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.20, por un importe de 90.000€. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión desta liña de subvencións (“*Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia*”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.10. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa “Fundación Igual Arte” para o exercicio de 2026-2029.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 23 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN entre o Concello de Vigo (Concellería de Política Social) e a “Fundación Igual Arte”, CIF G-36427524, para o desenvolvemento das actividades previstas no Programa: “VIGO, ARTE INCLUSIVA” (2026-2029), de acordo coa documentación presentada no Exp. nº 291638/301.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe 90.000€ con cargo á aplicación n.º 2310.480.00.20 do orzamento vixente de 2026. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión desta liña de subvencións (“Liña 1.3. *Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia*”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PROGRAMA “VIGO, ARTE INCLUSIVA” (ANOS 2026-2029)

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D^a. M^a Cristina Lago Pérez, con DNI nº ***4333**, presidenta da “Fundación Igual Arte” (CIF G-36427524), con domicilio social na rúa Palencia nº 34 desta cidade (CP 36205).

INTERVEÑEN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 24 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D^a. M^a Cristina Lago Pérez, actuando en representación da “Fundación Igual Arte”, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada ó Exp. n.º 291638/301 (2026), asegurando a comparecente a vixencia do seu cargo e que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Fundación Igual Arte” é unha entidade constituída formalmente no ano 2002 co propósito de crear un espazo activo e integrador destinado a fomentar a creatividade, organizando un abano de actividades artísticas co pleno convencemento de que todos/as temos dereito á interiorización, transformación e representación dos sentimentos, pensamentos e sensacións e traballando con rapaces e rapazas con necesidades educativas especiais nas distintas áreas artísticas (música, danza, artes plásticas, etc.) mediante un “Centro Ocupacional Artístico”, o “Programa Artístico” e o “Centro de Día Igual Arte”.

Figura inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, co número 2003/00001 e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia con data 25.01.2025 (RUEPSS n.º E-1885). Consta inscrita tamén no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo desde o ano 2003 (n.º 851-03).

De acordo cos seus Estatutos, a “Fundación Igual Arte”, ten por obxecto a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos e, entre os seus fins concretos, inclúe os seguintes:

- Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- Favorecer a capacidade de interrelación descubrindo outras canles de comunicación para estas persoas.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 25 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Concienciar á sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

II.- Que, dentro das referidas actividades estatutarias, a “Fundación Igual Arte” desenvolve programas e actividades de lecer e tempo libre inclusivo que teñen como obxectivo incidir na superación das causas que xeran a exclusión social.

III.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias; recursos que constitúen un complemento dos servizos dos que dispón o Concello de Vigo.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 26 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente para o ano 2026 nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Fundación Igual Arte” para o desenvolvemento do Programa: “VIGO, ARTE INCLUSIVA” (ANOS 2026-2029)», co que se pretende ofrecer ás persoas con diversidade funcional un espazo artístico onde se conxuga o disfrute, a comunicación, a expresión e a interacción social, incrementando as súas alternativas de lecer e favorecendo ó mesmo tempo a conciliación familiar.

SEGUNDA.- Para estes efectos, a “Fundación Igual Arte” comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social no desenvolvemento das diversas actividades incluídas neste Programa e detalladas no proxecto presentado:

- 1) Campamento de Verán, nos meses de xullo e agosto, no Pazo da Raposeira. Inclúense actividades de música, artes visuais, teatro, aula sensorial e saídas/excursións.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 27 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2) Mañáns de Arte (contos sensoriais e obradoiros baseados neles).

3) Arte e familias (espectáculos familiares de animación musical).

Estas actividades desenvolveranse durante toda a vixencia do Convenio, de acordo cos obxectivos, previsións e temporalización que figuran na proposta presentada pola Fundación e que constan nos expedientes de referencia.

En todo caso, as actividades inicialmente programadas poderán modificarse ou substituírse por outras semellantes en función dos resultados obtidos, de necesidades novas ou doutras circunstancias debidamente xustificadas.

TERCEIRA.- A “Fundación Igual Arte” comprométese tamén a:

1. Impartir as actividades con técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución das actividades, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

2. Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

3. Acreditar que conta cun seguro de responsabilidade civil e cun seguro de accidentes coas seguintes características:

1.- Seguro de Responsabilidade Civil con entidade aseguradora legalmente autorizada coa finalidade de cubrir as obrigas derivadas do convenio. Deberá ter un límite de indemnización non inferior a 300.000 € por sinistro e ano para cubrir os danos materiais e/ou personais e prexuízos consecuenciais ocasionados a terceiros. As garantías mínimas esixidas de Responsabilidade Civil serán:

- RCivil Explotación – incluíndo a garantía da RCivil Subsidiaria para o caso de que se subcontrate algún tipo de servizo ou xestión relacionada co obxecto do convenio.
- RCivil Patronal – cun sublímite por vítima nunca inferior a 300.000 €.
- RCivil Post-traballo / Servizos.
- Defensa xurídica e fianzas.

A póliza reseñada deberá prestar cobertura durante todo o período da execución do convenio e ata a conclusión do mesmo polas reclamacións acontecidas durante este período de execución e que sexan reclamadas 24 meses despois da súa finalización.

2.- Seguro de Accidentes para as persoas participantes nas actividades obxecto do convenio coa Concellería de Política Social, cubrindo os riscos que os/as participantes poidan ter durante o desenvolvemento delas, incluíndo o traxecto ó/s lugar/es de realización sen exclusión por razón do medio de transporte utilizado.

4. Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no Art. 11 da L.9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 28 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPACAP).

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Fundación Igual Arte” unha subvención, para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029, por importe de 90.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 360.000€. O gasto de 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.20 dos orzamentos. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión desta liña de subvencións (“Liña 1.3. *Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia*”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- 3) No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior¹. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento (50%) do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- 4) O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de

1 A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas usuarias participantes nas actividades executadas en virtude deste Convenio.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 29 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2026-2029).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

DÉCIMA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da “Fundación Igual Arte” e dous representantes municipais e presidida polo/a Concelleiro/a da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 30 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 1 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluírse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó período 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.
2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 31 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 32 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES), as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

5(517).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE SUPERVISIÓN DOS TRABALLOS DE CAMPO DE MONTAXE, DESMONTE E MANTEMENTO DA ILUMINACIÓN DECORATIVA, DOS SETS DECORATIVOS, DA

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 33 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ORNAMENTACIÓN VEXETAL E NON VEXETAL, DA EXPOSICIÓN BELENÍSTICA, DO SERVIZO DE MEGAFONÍA E DOS MERCADOS DO NADAL: CAMPAÑAS 2024-2025 E 2025-2026. EXPTE. 10051/106.

Visto o informe xurídico de data 05/06/2026 e o informe de fiscalización do 09/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/06/2026, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de supervisión dos traballos de campo de montaxe, desmonte e mantemento efectuados polas empresas adxudicatarias da iluminación decorativa, dos sets decorativos, da ornamentación vexetal e non vexetal, da exposición belenística, do servizo de megafonía e dos mercados de Nadal (10051/106).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de abril de 2025 , adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, SA o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de supervisión dos traballos de campo de montaxe, desmonte e mantemento efectuados polas empresas adxudicatarias da iluminación decorativa, dos sets decorativos, da ornamentación vexetal e non vexetal, da exposición belenística, do servizo de megafonía e dos mercados do Nadal (Cíes Market e Calvario) (10051-106) por un prezo total de 47.213,43 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.194,07 euros e coas seguintes condicións:

a) Propón como porcentaxe de desconto única a aplicar aos prezos unitarios do apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP un 2,00 %.

b) Propón como incremento de horas normais sobre as mínimas propostas no PPTP:

> Incremento de horas do enxeñeiro/a técnico/a: 40 (no) horas (ata un maximo de 40 horas)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 34 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

> *Incremento de horas do/a administrativo/a: 20 (no) horas (ata un máximo de 20 horas).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Conforme a cláusula 4 do contrato e cláusula 4. das FEC:

A) PRAZO TOTAL: *“O prazo do contrato é de 1 ano e 5 meses, comezando o 1 de febreiro de 2025, ou na data da sinatura do mesmo, e finalizando, en todo caso o día 31 de xullo de 2026.*

Tendo en conta a data estimada do inicio do contrato, as tarefas correspondentes ao ano 2025 comprenden a supervisión dos traballos de campo do desmonte da campaña do Nadal 2024-2025 e a supervisión dos traballos de campo do montaxe, mantemento e control da campaña do Nadal 2025-2026; e as tarefas correspondentes ao ano 2026 comprenden unicamente a supervisión dos traballos de campo do desmonte da campaña do Nadal 2025-2026.

B) PRAZOS PARCIAIS: *non*

PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: *establécense dúas posibles prórrogas de un ano cada unha (1+1)”*

Segundo.- En data 09/05/2025 asinouse contrato administrativo entre o Concello e a empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA. o prazo do contrato é de un ano e cinco meses. As prestacións realizaranse entre o 9 de maio de 2025 e o 31 de xullo de 2026. Así mesmo, están contempladas dúas prórrogas de un ano de duración cada unha. Correspondéndolle a primeira prórroga do contrato no período comprendido entre 01/08/2026 e o 31/07/2027.

Terceiro.- A tal fin. con data 18 de febreiro de 2026 se lle notifica o interese deste Concello na prórroga do contrato previsto no prego de clausulas administrativas dentro do prazo de preaviso, consta no expediente a aceptación do contratista á prórroga do contrato de data 26 de febreiro de 2026 presentada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (doc. 260047787).

Cuarto.- A prestación do servizo durante o prazo de vixencia do contrato viuse desenvolvendo de forma correcta e satisfactoria para os intereses municipais.

Quinto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 35 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

público, deberase incorporar ao expediente informe xurídico previo a aprobación polo órgano de contratación .

Sexto.- Así mesmo establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe de fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación:

Partida: 4310 2270600 “Asistencias Técnicas”.

Sétimo.- Conforme ao contrato firmado o 09 de maio de 2025 e a oferta presentada pola empresa ENMACOSA CONSULTORIA TÉCNICA SA. para o contrato de servizos para a supervisión dos traballos de campo de montaxe, desmonte e mantemento efectuados polas empresas adxudicatarias da iluminación decorativa, dos servizos sets decorativos, da ornamentación vexetal e non vexetal, do servizo de megafonía, dos mercados de Nadal é de 47.213,43 euros (IVE engadido), correspondéndolle ao ano 2025 a cantidade de 40.412,33 euros e ao ano 2026 a cantidade de 6.801,10 euros.

Octavo- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Polo anteriormente exposto, e sendo conforme ao contrato a prestación de servizos que se ven desenvolvendo, e ante a necesidade de continuar ca mesma, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, o concelleiro delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**

“PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga anual do contrato de servizos para a supervisión dos traballos de campo de montaxe, desmonte e mantemento efectuados polas empresas adxudicatarias da iluminación decorativa, dos servizos sets decorativos, da ornamentación vexetal e non vexetal, do servizo de megafonía, dos mercados de Nadal, na Campaña de Nadal 2026-2027, con efectos a partir do día 01/08/2026 ata o 31/07/2027, adxudicado a empresa ENMACOSA CONSULTORIA TÉCNICA SA, CIF ***8126>> cas seguintes condicións:

- Prezo da prórroga anual do contrato polo importe de 42.046,45 €, (IVE engadido)

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 42.046,45 € (IVE engadido) con cargo á partida 4310 2270600 “Asistencias Técnicas” conforme a seguinte execución das anualidades de gasto:

2026: do 01/08 ao 31/12 = 35.987,56 €

2027: do 01/01 ao 31/07 = 6.058,89 €

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario”

ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 36 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(518).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DÚAS AUTOBOMBAS PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE. 7552/213.

Visto o informe de fiscalización do 15/06/2026, sométese a aprobación a proposta dea Mesa de Contratación realizada o data 12/06/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de dúas autobombas para o Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (7552-213) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de dúas autobombas para o Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (7552-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de abril de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro de dúas auto-bombas pesadas, para o parque central de teis e parque de Esturáns do Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 06 de febreiro de 2026.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa da Área de Contratación e novos proxectos de data de 25 de febreiro de 2026.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 1.200.000,00 euros, do que 208.264,46€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606240000 “ Adquisición vehículos ” do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 37 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 14 de maio de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de dúas autobombas para o Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (7552-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	INCIPRESA, SAU	100.00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, INCIPRESA, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INCIPRESA, SAU, o día 14 de maio de 2026, que presenta a documentación requirida o 25 de maio, dentro do prazo concedido. Unha vez comprobada a mesma, a Mesa de Contratación, en data 4 de xuño de 2026, acordou por unanimidade dos/as membros presentes, outorgar un prazo de 3 días naturais ao licitador para que poida emendala. En concreto debía presentar documentación relativa aos anexos IV e V do PCAP e á acreditación de contar cun plan de igualdade rexistrado e inscrito e cun 2 % de traballadores discapacitados ao ser una empresa de máis de 50 traballadores. Dentro do prazo concedido presenta a documentación requirida.

A documentación presentada, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil co seu obxecto social xunto co poderamento do seu representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (694.214,87 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (840.000,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade. Asemade, presentan a acreditación dos certificados de conformidade da produción en vigor da Unidade Certificadora do Automóbil (UCA) emitido polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, ou equivalente e de estar en posesión dun Sistema de Calidade e Medio Ambiente oficialmente recoñecido cando menos para ou deseño,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 38 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

fabricación e o servizo de mantemento de vehículos contra incendios. ISO 9001 e 14001, ou equivalente.

- Declaración de contar cun plan de igualdade rexistrado e inscrito e cun 2 % de traballadores discapacitados ao ser una empresa de máis de 50 traballadores.
- Aval por un importe de 49.495,00 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 12 de xuño de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INCIPRESA, SAU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INCIPRESA, SAU, de acordo co acordo da Mesa de Contratación, de data 14 de maio de 2026, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adjudicar a INCIPRESA, SAU o procedemento aberto para a contratación do subministro de dúas autobombas para o Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (7552-213) por un prezo total do contrato de 1.197.779,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 207.879,00 euros e coas seguintes condicións:

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 39 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) *Comprométese a responder en caso de avaría durante o período de garantía nun prazo de menos de 24 horas todos os días do ano.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(519).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ORIENTADAS A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO: 2026. EXPTE. 25749/333.

Visto o informe xurídico de data 19/05/2026 e o informe de fiscalización de data 12/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 14/05/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INTRODUCCIÓN

A actividade deportiva en Vigo, no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación, tanto á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, como á participación dos e das deportistas da cidade de Vigo en competicións da máis alta esixencia de rendemento deportivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ó desenvolvemento do deporte nas súas distintas manifestacións e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de axudas responden ó desexo de xerar sinerxías orientadas a potenciar proxectos comúns para a cidade de Vigo e que propicien a potenciación de colaboracións no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A procura dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- A mellora dos recursos destinados á dinamización do deporte de alto nivel en todos os aspectos é un aspecto fundamental polo que este representa como exemplo para a mocidade.
- A colaboración no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva ata o nivel do alto rendemento.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén con referencias de proxectos deportivos de continuidade e futuro no seu entorno.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 40 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ós deportistas da cidade de Vigo que participan en competicións do máis alto nivel.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a financiar programas de adestramento e competición de deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, que no ano en curso estean recoñecidos como deportistas de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes.

Concretamente o artigo 36 da Lei de Deportes de Galicia determina que o recoñecemento da condición de deportista de alto nivel poderá comportar a posibilidade de acceder aos seguintes beneficios, axudas económicas y becas académicas, e entre outras concesión de axudas económicas.

Con carácter previo ao outorgamento das axudas deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das mesmas nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Os vixentes orzamentos do Concello de Vigo consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite", un crédito por un importe total de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar no financiamento de proxectos de axudas orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A normativa reguladora das bases e da convocatoria específica destas subvencións ven recollida na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; na lexislación básica do estado en materia de réxime local; nos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; nas Bases de execución do actual orzamento vixente do Concello de Vigo; na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como nas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 41 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

A proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan, a apoiar ó tecido asociativo deportivo da cidade de Vigo como reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación vinculados cos valores deportivos, a mellorar os recursos para a dinamización de proxectos deportivos na cidade de Vigo, a colaborar cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués, a colaborar co desenvolvemento de proxectos deportivos que garantan ós e ás xóvenes deportistas da cidade unha continuidade e futuro no seu entorno, a optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo, e a fomentar a actividade deportiva como vehículo e ferramenta vinculada coa vida sa.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a financiar os programas de adestramento e competición dos/das deportistas de alto nivel da cidade de Vigo e súa convocatoria.

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) con cargo á partida oramentaría 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite” do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXUDAS ORIENTADAS A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO 2026.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 42 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria e a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas económicas dirixidas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, coa finalidade de contribuír a financiar os gastos vinculados coas competicións e cos adestramentos necesarios para o desenvolvemento da súa modalidade deportiva, en orde ó logro dun mais alto nivel nun futuro próximo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite". Poderán outorgarse axudas superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, e incompatibles coas axudas dinamizadas no programa de axudas da Fundación Vigo en deporte do ano 2026 para deportistas individuais.

CUARTA. - REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

Poderán participar na convocatoria os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

- Reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da axuda das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.
- Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.
- Entenderase que o/a solicitante, ao presenta-la solicitud de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.
- Requisitos específicos:
 1. Nados antes do 01.01.2008.
 2. Estar empadroadado na cidade de Vigo, con vixencia mínima ininterrompida dende 01/01/2025, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
 3. Ter competido de xeito individual, parella, trío ou como guía de deporte adaptado na competición a baremar.
 4. Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
 5. Cumprir como mínimo un dos seguintes requisitos:

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 43 de 131
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN KV2211", PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DA ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211 DO ANO 2026

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 19.06.2023 e resolución de modificación de competencias do 25.09.2025

Doutra, D. José Manuel Fernández Rosado, na súa condición de presidente do "Asociación KV2211" (CIF: G-27860667) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Cerqueiro núm. 3, 1º F, CP 36212 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.-Que a entidade " ASOCIACIÓN KV2211" é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para dar amparo e cobertura as actividades da Orquestra infantil e xuvenil de Vigo KV2211.A Orquestra KV2211 nace coa vocación de potenciar entre a mocidade os instrumentos de corda na cidade de Vigo e conta cun amplísimo catálogo de bandas de música nas que os rapaces poden desenvolver de xeito grupal a súa formación musical de instrumento de vento. No eido de Vigo e a súa comarca trátase da única agrupación de cordas e en ocasións sinfónica, formativa, aberta a nenos, nenas, mozos e mozas da cidade e outros municipios dos arredores na que tocar un instrumento de corda en grupo dende unha curta idade ; unha agrupación na que os rapaces poden potenciar a súa formación persoal, tanto musical como cultural, educativa e de valores, onde os ensaios e actuacións se desenvolven nas fins de semana durante parte dos seus tempos de ocio.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 105 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "ASOCIACIÓN KV2211", como medio que é de promover a música na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.21, como subvención nominativa, a favor da "ORQUESTA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211", a cantidade de 10.000 euros.

IV.- Que a "ASOCIACIÓN KV2211" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización do dito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos da *ORQUESTA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO KV2211* durante o exercicio 2026, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 11.565 € (once mil cincocentos sesenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Recursos propios da asociación 1565 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

23 de Novembro 2025: Concerto de Santa Icíá

Lugar: Igrexa San Antonio da Florida

21 de decembro 2025: Concerto de Nadal, "Vigo é nadal, Vigo é música"

Lugar: Auditorio do Concello de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 106 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

21 de febreiro 2026: Música ao teu carón

Lugar: Igrexa da Soedade

21 de marzo do 2026: Reconquista, “Música para unha Reconquista”

Lugar: Basílica de Santa María de Vigo. A Colexiata

21 de xuño do 2026: Día da Música

Lugar: Auditorio do Concello de Vigo

17 de outubro do 2026: Música clásica por parroquias

Lugar: Auditorio dalgún centro cultural das parroquias de Vigo

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Amancio Fernández Pérez, tesoureiro da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 107 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto deste convenio e na concesión da subvención.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

As entidades beneficiarias teñen a obriga de colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

10. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. **Incorpórase ao expediente póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento do mesmo.**

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- 2) Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 108 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

Redactarase un acta de constitución desta comisión mixta que será asinada por ambas partes. Así mesmo, de selo caso, levantarase un acta de cada reunión da comisión na que figuraban os temas tratados e acordados na mesma.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos orzamentos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas polo Servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao Servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 109 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A ENTIDADE facilitará ao Servizo de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro delegado de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranca a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 110 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.
- **A conta xustificativa dos gastos presentarse segundo o modelo dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo: <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=4443&lang=ga>, coa relación clasificada de gastos e con todos os datos solicitados cubertos (número de factura, proveedor, concepto, importe, data de emisión...). Non se aceptarán contas xustificativas que non se presenten no citado modelo.**
- **Os pagos en efectivo limitanse até un importe máximo de 1.000 € ou ben ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento, pero sempre que se achegue o xustificante de cobro asinado polo proveedor, non aceptándose sen a sinatura do proveedor.**

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 111 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- **No seu caso, aportarase memoria explicativa sobre as posibles desviacións respecto ao orzamento inicial da actividade, segundo o artigo 72.2.a) do RD 887/2006.**
- **Naqueles gastos onde a cobertura exceda do marco temporal subvencionable, deberase aplicar o principio de devindicación, realizando os axustes proporcionais que corresponda.**

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados dende o 15 de novembro do 2025 ao 10 de novembro do 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 112 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polo Servizo de Cultura.

Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Fixase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 113 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2026, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 114 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2026

Orzamento programación 2026 Orquestra Kv2211			
Ingresos		Gastos	
Concepto	Importe	Concepto	Importe 2026
Aportación Concello de Vigo	10.000,00 €	Aluguer locais	1.600,00 €
Recursos propios asociación kv2211	1.565,00 €	Honorarios por sevizos prestados nos concertos	6.500,00 €
		Adaptación e arreglos de obras	150,00 €
		Partituras	400,00 €
		Alquiler de instrumentos	500,00 €
		Gravación e edición de video	400,00 €
		Gastos de produción	200,00 €
		Gastos de gestoría	550,00 €
		Seguro de accidentes	430,00 €
		Seguro de R.C.	185,00 €
		Programas e cartelería dos concertos	150,00 €
		Limpieza Montaje/desmontaje local de ensaios	500,00 €
TOTAL INGRESOS	11.565,00 €	TOTAL GASTOS	11.565,00 €

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA SESIÓN O CONCELLEIRO SR. RIVAS GONZÁLEZ.

14(526).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCIÓNS,

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 115 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS. EXPTE. 96385/250.

Visto o informe xurídico de data 03/06/2026 e o informe de fiscalización do 08/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/05/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- O Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo, con medios propios, realiza obras de reparación e mantemento para a mellora e conservación das súas instalacións e de atención ás necesidades de mantemento do municipio en xeral, tales como as vías ou a reparación de avarías e mesmo a execución de pequenas obras, para o que debe dispoñer dos materiais adecuados.

A realización destes traballos de mantemento de vías municipais fai necesario o subministro de diversos materiais fundamentais para os devanditos traballos. Basicamente, os elementos e materiais que se usan en este taller poden desagregarse en cinco grupos homoxéneos que son os seguintes: formigóns, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos.

2.- A Xunta de Goberno Local aprobou, en sesión ordinaria do 22.02.2022, adoptou os seguintes acordos (Expte. 87871/250):

- Adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. os lotes 1 (Subministro de formigóns e morteiros) e 2 (Subministro de Áridos) do procedemento aberto para a contratación do “subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos”.
- Adxudicar a GARCI VENTA, S.L. os lotes 3 (Subministro de materiais de construción) e 4 (Subministro de materiais de ferretería) do procedemento aberto para a contratación do “subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos”.
- Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) o lote 5 (Subministro de formigón bituminosos) do procedemento aberto para a contratación do “subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos”

O prazo dos contratos previsto no PCAP é de dous (2) anos, con posibilidade de dúas prórrogas por un (1) ano cada unha.

3.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 16.03.2023 acordou:

“Resolver o lote 1 do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (Expediente 87871-250) adxudicado pola Xunta de Goberno local a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L., na sesión do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 116 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

122 de febreiro de 2022, por mutuo acordo entre as partes, causa prevista no artigo 211.1 c da LCSP.”

4.- Conforme ao previsto no PCAP da posibilidade de dúas prórrogas por un (1) ano cada unha, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 16.02.2024 acordou:

- “Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do lote 2 “subministro de áridos” do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, formalizado coa entidade mercantil TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379) polo período comprendido dende o 26/03/2024 ata o 25/03/2025.”
- “Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do lote 3 “subministro de materiais de construción do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, formalizado coa entidade mercantil GARCI VENTA, S.L. (B36797470) polo período comprendido dende o 24/03/2024 ata o 23/03/2025.”
- “Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do lote 4 “subministro de materiais de ferretería” do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, formalizado coa entidade mercantil GARCI VENTA, S.L. (B36797470) polo período comprendido dende o 24/03/2024 ata o 23/03/2025.”
- “Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do lote 5 “subministro de formigón bituminosos” do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos, expediente 87871/250, formalizado coa entidade mercantil CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA) (A36008886) polo período comprendido dende o 21/03/2024 ata o 20/03/2025.”

5.- Finalizada a primeira prórroga, a Xunta de Goberno Local en sesión de data 21.03.2025 acordou:

- “Aprobar a 2ª prórroga, dun ano de duración, do contrato de “subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos”, lote 2, (Expte. 87871/250), formalizado coa entidade mercantil TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379) polo período comprendido dende o 26/03/2025 ata o 25/03/2026.”
- “Aprobar a 2ª prórroga, dun ano de duración, do contrato de “subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos”, lote 3, (Expte. 87871/250), formalizado coa entidade mercantil GARCI VENTA, S.L. (B36797470) polo período comprendido dende o 24/03/2025 ata o 23/03/2026.”
- “Aprobar a 2ª prórroga, dun ano de duración, do contrato de “subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos”, lote 4, (Expte. 87871/250), formalizado coa entidade mercantil GARCI VENTA, S.L. (B36797470) polo período comprendido dende o 24/03/2025 ata o 23/03/2026.”
- “Aprobar a 2ª prórroga, dun ano de duración, do contrato de “subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construción, materiais de ferretería e formigóns bituminosos”, lote 5, (Expte. 87871/250), formalizado coa entidade

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 117 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mercantil CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA) (A36008886) polo período comprendido dende o 21/03/2025 ata o 20/03/2026.”

Polo tanto, á vista da inminente finalización dos actuais contratos en vigor, e tendo en conta a necesidade de que non se paralice a actividade municipal pola falta deste tipo de materiais, faise necesario iniciar o procedemento correspondente para a contratación das citadas subministracións.

6.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo xefe da Unidade Mantemento de Viais Municipais e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 23.12.2025, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 23.12.2025.
- c) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento e Servizos os días 12 e 13.02.2026.
- d) Certificados de créditos asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentación o día 17.02.2026.
- e) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo xefe da Unidade Mantemento de Viais Municipais e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 16.04.2026.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo servizo xestor e asinada o día 17.04.2026.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 17.04.2026.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 27.05.2026.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 118 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada, os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a súa división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do “SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS: FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS”, cun orzamento de licitación que ascende a un importe máximo de OITOCENTOS OITENTA E MIL EUROS (880.000,00 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de 152.727,27 €.

Os importes correspondentes aos diferentes lotes distribúense da seguinte maneira:

	PREZO SEN IVE	IVE	TOTAL
Lote nº 1: Subministro de formigóns e morteiros	181,818.18 €	38,181.82 €	220,000.00 €

S.ord. 19/06/2026



Lote nº 2: Subministro de áridos	16,528.93 €	3,471.07 €	20,000.00 €
Lote nº 3: Subministro de materiais de construción	297,520.66 €	62,479.34 €	360,000.00 €
Lote nº 4: Subministro de materiais de ferretería	115,702.48 €	24,297.52 €	140,000.00 €
Lote nº 5: Subministro de formigón bituminosos	115,702.48 €	24,297.52 €	140,000.00 €
TOTAL	727,272.73 €	152,727.27 €	880,000.00 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo xefe da Unidade Mantemento de Viais Municipais e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 16.04.2026.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 27.05.2026.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 220.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 ("Conservación de viais e espazos públicos") e asumir o compromiso de dotar no orzamentos iniciais dos exercicios 2027 e 2028, na aplicación orzamentaria 1532.210.00.00, créditos por importe de 440.000,00 e 220.000,00 respectivamente, segundo a seguinte distribución en anualidades e lotes:

	2026	2027	2028	TOTAL
Lote nº 1: Subministro de formigóns e morteiros	55,000.00 €	110,000.00 €	55,000.00 €	220,000.00 €
Lote nº 2: Subministro de áridos	5,000.00 €	10,000.00 €	5,000.00 €	20,000.00 €
Lote nº 3: Subministro de materiais de construción	90,000.00 €	180,000.00 €	90,000.00 €	360,000.00 €
Lote nº 4: Subministro de materiais de ferretería	35,000.00 €	70,000.00 €	35,000.00 €	140,000.00 €
Lote nº 5: Subministro de formigón bituminosos	35,000.00 €	70,000.00 €	35,000.00 €	140,000.00 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/07/2026 13:05

Páxina 120 de 131

2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026

CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

	2026	2027	2028	TOTAL
TOTAL	220,000.00 €	440,000.00 €	220,000.00 €	880,000.00 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

INCORPÓRASE DE NOVO Á SESIÓN O CONCELLEIRO SR. RIVAS GONZÁLEZ.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Expediente de contratación do programa coeducativo “Camiña con nós pola igualdade 2026-2027”. Expte. 14511/224.
- Proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira de bombeiros/as, quenda libre, oferta publica de emprego 2020-2021-2022. Expte. 49066/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 121 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

15(527).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROGRAMA COEDUCATIVO “CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE 2026-2027”. EXPTE. 14511/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 17/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/06/2026, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa de Igualdade e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O obxecto deste contrato consiste en xestionar e executar o “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade 2026-2027”.

O programa “CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE” é un programa coeducativo dirixido ao alumnado dos centros de educación infantil e primaria da cidade. Ofrece unha programación permanente en cada centro, desenvolvendo obradoiros temáticos desde a perspectiva de xénero, empregando una metodoloxía lúdica e específica para cada franxa de idade, co obxecto de poñer en acción una estratexia a medio e longo prazo dirixida a reflexionar e promover a igualdade entre sexos partindo desde unha etapa evolutiva na que se conforman as identidades de xénero.

Estes obradoiros están dirixidos ao alumnado de educación infantil e primaria, preferentemente os últimos cursos de cada ciclo. Lévanse a cabo en horario lectivo, nas aulas dos centros escolares, coa presenza do profesorado titor e adaptándose ás necesidades da súa comunidade educativa.

Os obradoiros terán unha duración estimada de 50 minutos para educación infantil e primeiro e segundo ciclo de educación primaria, e de 90 minutos para o último ciclo de primaria.

Calcúlase a prestación de 600 horas de prestación de talleres por curso escolar.

Os seu obxectivo xeral pretende fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre as nenas e os nenos desde a comunidade educativa, para promover a coeducación e previr a violencia de xénero nas aulas, fomentando no alumnado unha visión máis crítica fronte as desigualdades de xénero aínda vixentes na sociedade actual.

Mediante Resolución de data 30.04.2026 a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar por procedemento aberto a prestación do servizo do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade 2026-2027”.

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 122 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade 2026-2027” asinado o 30 de abril de 2026 pola axente de igualdade, pola xefa do Servizo de Igualdade, pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda e pola secretaria de Goberno Local.

- Memoria económica asinada o 30 de abril de 2026 pola axente de igualdade, pola xefa do Servizo de Igualdade; pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda.
- Certificados de retencións de crédito de data 30 de abril de 2026 (operacións RC n.º 12026000044495 e RC_FUT n.º 12026000044497).
- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas asinadas o 30 de abril de 2026 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadoras en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 30 de abril de 2026 pola axente de igualdade e pola xefa do Servizo de Igualdade e conformado o 4 de maio de 2026 pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Memoria xustificativa asinada o 30 de abril de 2026 pola axente de igualdade e pola xefa do Servizo de Igualdade, e conformada o 4 de maio de 2026 pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 21 de maio 2026 pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 15 de xuño de 2026 pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de 10 meses. O período de execución desexable sería desde o día 1 de setembro de 2026 ata o 30 de xuño de 2027, debendo rematar o 30 de xuño de 2027 por estar vinculada a súa execución ao curso escolar. Non se contemplan prórrogas.

Calcúlase que o período contractual comprenderá un máximo de 600 horas para a impartición de talleres, resultando un prezo unitario máximo de 68 €/hora.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do prezo do contrato é de 40.800,00 €. Actividade exenta de IVE conforme co artigo 20.9 da Lei 37/1992.

Orzamento base de licitación = 40.800,00 €

Total valor estimado = 40.800,00 €

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente do Servizo

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 123 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2027.

Exercicio 2026 (1/3 das horas máximas do contrato): 13.600,00 €

Exercicio 2027 (2/3 das horas máximas do contrato): 27.200,00 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos/as concelleiros/as delegados/as de Área por Acordo da Xunta de Goberno Local do 7.11.2025 (BOPPO núm. 217 do 12 de novembro de 2025)

Segundo.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 124 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

Quinto.- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante.

Sexto.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

Sétimo.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Oitavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente certificados de retención de crédito (operacións RC n.º 12026000044495 e RC_FUT n.º 12026000044497) de data 30 de abril de 2026. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade 2026-2027”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 15 de xuño de 2026 pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola axente de igualdade e pola xefa do Servizo de Igualdade o 30 de abril de 2026, e conformado o 4 de maio de 2026 pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 125 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 40.800,00 € para facer fronte á contratación da xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade 2026-2027”, que se imputará con cargo ao orzamento do Servizo de Igualdade distribuído do seguinte xeito: o importe de 13.600,00 €, con cargo á partida “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2279906 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e o importe de 27.200,00 €, con cargo á partida “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2279906 do orzamento futuro do Servizo de Igualdade, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal do exercicio 2027.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(528).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DE BOMBEIROS/AS, QUENDA LIBRE, OFERTA PUBLICA DE EMPREGO 2020-2021-2022. Expte. 49066/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 18/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/06/2026, asinado polo técnico de xestión, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.-Consta no expediente administrativo nº 48074-220, acordo da Xunta do Goberno Local de data 17/04/2026 onde se nomearon a 23 funcionarios en prácticas con cargo ás 23 prazas convocadas de Bombeiro/a, acceso libre, enmarcadas no sugrupo C2 de titulación; escala, administración especial; subescala, servizos especiais, clase, extinción de incendios, incluídas nas OEP 2020-2021-2022 (1ª fase), propostos polo Órgano de Selección.

Os/as funcionarios/as nomeados/as tomaron posesión o día 20/05/2026.

2.- En acta de data de sinatura electrónica 20/05/2026 (Exp. 48761/220) consta, no punto 3º da mesma, convalidación da formación relativa ao curso selectivo, formulada pola Comisión de Valoración do curso obrigatorio de carácter teórico-práctico realizado polos funcionarios en prácticas con categoría de bombeiros que superaron os procesos selectivos convocados para a execución das OEP-2020-2021-2022, (1ª fase), cuxo tenor literal di:

“... dado que Álvarez Muñiz, L. e Sánchez Sánchez, A. eran antes da toma de posesión como funcionarios en prácticas, funcionarios interinos no posto de traballo de Bombeiro no Concello de Vigo, acordase así mesmo ter por superada a formación específica prevista na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 126 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

Cláusula IX das bases específicas da convocatoria no Parque de Bombeiros de Teis, polo que procede a comunicación á Área de Recursos Humanos e Formación da mencionada circunstancia para, previos os trámites legalmente oportunos, se proceda ao seu nomeamento como funcionarios de carreira.”

3.-Consta tamén no expediente de referencia (tramite 2), traslado do acordo da Comisión de Valoración adoptado na súa sesión do 20 de maio de 2026.

4.-No expediente administrativo nº 48761/220, tramite 114, consta traslado do acordo da Comisión de Valoración adoptado na sesión do 11/06/26, co seguinte tenor literal:

“... 5º.- Sobre a Formación no Parque de Teis.

Na sesión do 08/06/2026 a Comisión de Valoración aprobou a estrutura da formación no Parque de Teis.

O Vogal, D. Miguel Estévez Prado, traslada á Comisión a conveniencia e oportunidade en termos do interese xeral de que, tendo en conta a condición dalgúns aspirantes de funcionario bombeiro ou condutor bombeiro noutros parques municipais, o módulo formativo de formación no Parque de Teis debe reaxustarse no convinte ata acreditar obxectivamente un coñecemento dos medios técnicos e materiais necesarios para o desempeño do posto. Neste senso, o Vogal D. Miguel Estévez Prado propón dar por superado o período de integración no Parque para os aspirantes Moledo González, R., Agromayor Ledo, M. e Lorenzo Rodríguez, JM.

A Comisión de Valoración acorda prestar conformidade a anterior proposta e dar traslado á Área de RRHH e Formación do acordo para que, previos os trámites oportunos, se proceda ao seu nomeamento como funcionarios de carreira”

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 127 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *"son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente", estableciendo que "en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

"1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 128 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e demais disposicións concordantes.

Non obstante o anterior, a xornada, horarios, quendas de traballo e réxime de descansos do persoal adscrito ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) rexeranse polos acordos específicos da Xunta de Goberno Local vixentes en cada momento para este servizo, así como polas súas modificacións ou disposicións de desenvolvemento que poidan aprobarse. Deben considerarse, en todo caso, as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.

IV. - Proposta de gasto.

Efectuase unha remisión expresa ao contido dos informes técnicos e de fiscalización previa e preceptiva emitidas aos expedientes electrónicos da convocatoria e bases rectoras das Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (1ª fase) así como ao informe de fiscalización emitido ao expediente de nomeamento como funcionarios en prácticas (48074-220) sen prexuízo do cal solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización, debendo indicarse que as prazas obxecto de provisión definitiva con funcionarios de carreira atópanse dotadas orzamentariamente nos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2026.

V.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva.

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 129 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

VI. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do0 presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 25/09/2025 e acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025).

VII.- PROPOSTA DE ACORDO:

“**PRIMEIRO.**- Nomear como funcionarios de carreira con cargo a cinco (5) das vinte e tres (23) prazas vacantes de bombeiro/a incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (1ª fase da convocatoria) aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local en acordo de 17/04/2026 (Exp. 48074220) ao ter convalidada a formación teórica-práctica relativa ao curso selectivo, formulada pola Comisión de Valoración, previsto nas bases da convocatoria, e que son os seguintes:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	MOLEDO GONZALEZ	R.	***3076**
2	SANCHEZ SANCHEZ	A	***0302**
3	AGROMAYOR LEDO	M.	***6140**
4	LORENZO RODRIGUEZ	J.M.	***6877**
5	ALVAREZ MUÑIZ	A.	***5306**

SEGUNDO.- Dispoñer que os aspirantes nomeados deberán tomar posesión como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes contado a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 130 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2112/1102

receptoras da convocatoria das prazas incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020-2021-2022 (1ª fase).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Concellería-delegada da Área de Economía, Empresa e Seguridade, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento, Servizo de Prevención de Riscos Laborais e ao Comité de Persoal, para coñecemento e efectos.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que resulte competente, no prazo de 2 MESES a contar dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(529).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

S.ord. 19/06/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 13:05	Páxina 131 de 131
2112-1102 Aprobado por XGL 26/06/2026	CSV: A9BCBD-5C3H3B-AEDCBE-6YMH9E-FMJ49U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		